

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DE 20 DE SETEMBRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00038896F.**

Ratificación da urxencia da convocatoria. |

Ratifícase a urxencia.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00021915P.**

Resolución do contrato das obras de rehabilitación do palacete da finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo. Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado – EDUSI”. |

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a proposta de resolución do contrato da execución das obras de rehabilitación do palacete da finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo. Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI (PO FEDER 2014-2020), asinado coa empresa BAUEN EMPRESA CONSTRUCTORA SAU con causa no incumprimento da obriga principal do contrato, ao abeiro do establecido no artigo 211.1 f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Segundo: Aceptar a proposta da incautación da garantía definitiva constituída mediante aval por importe de 58.922,43 € (núm. operación: 320210002799) o día 21/06/2023, ao abeiro do artigo 110 d) da LCSP.

Terceiro: Solicitar o informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia consonte o establecido no artigo 191.3 da LCSP con carácter previo á adopción do acordo de resolución do contrato e acordar a suspensión deste procedemento polo tempo que medie entre a petición do informe do Consello Consultivo e súa emisión ao amparo do establecido no artigo 22.1 d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00038084T.**

Aprobación do expediente de contratación que ten por obxecto a tramitación dun contrato baseado no acordo marco para a contratación das pólizas de seguro para a flota de vehículos do Concello de Santiago de Compostela. |

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación que ten por obxecto a licitación do “Contrato baseado nun acordo marco para a contratación das pólizas de seguro para frota de vehículos do Concello de Santiago de Compostela a través da Central de Contratación FEMP - Lote 6 (1 de outubro 2023-30 setembro 2024)” cun orzamento basee de licitación de 43.342,00 €.

Segundo. Autorizar que a tramitación, a adxudicación e execución do contrato baseado se rexa polos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas Particulares do Acordo Marco da FEMP para o contrato de seguros de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor (lote 6) concluído con BILBAO SEGUROS CIA ANMA DE SEGUROS E REASEGUROS.

Terceiro. Aprobar o gasto correspondente por un total de 43.342,00 € que se imputará á partida orzamentaria 030 92000 2240100 coa seguinte desagregación de anualidades:

ANO	APLICACIÓN	IMPORTE
2023	030 92000 2240100	43.342,00 €

A prestación atópase exenta do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), de conformidade co establecido no artigo 20.1. 16ª da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre Valor Engadido, e está suxeita ao Imposto sobre Primas de seguro, a teor do disposto no artigo 12.2 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social.

Cuarto. Ordenar o envío de invitación a BILBAO SEGUROS CIA ANMA DE SEGUROS E REASEGUROS con NIF: A48001648, e solicitarlle a oferta para o seguro de vehículos recolleitos na cláusula 13 desta proposta de resolución, #de acordo con o PCAP e o PPT. O prazo de presentación da oferta é de 5 días naturais a contar desde o envío do Documento de Invitación.

4. EDUCACIÓN. Referencia: **2023/00038835S**.

Aprobación do procedemento de alta, prazos de solicitude de praza para o período lectivo e non lectivo e gratuidade do Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes. Curso 2023-2024

Acórdase:

- 1.- Aprobar o procedemento de alta e acceso no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes. Curso 2023-2024.
- 2.- Aprobar o procedemento e prazos de inscrición para o programa para os períodos lectivo e non lectivo no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes. Curso 2023-2024.

5. COMERCIO. Referencia: **2023/00018779S**.

Toma de razón da solicitude e concesión definitiva de subvención, para o proxecto COMMARKET SANTIAGO, á convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canais cortos de comercialización, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, convocada polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do Estado

Acórdase:

Tomar razón da solicitude e concesión definitiva da subvención para a realización do proxecto COMMARKET SANTIAGO nos termos da memoria descritiva e técnica presentadas ante o Ministerio e da resolución de concesión definitiva da axuda, que constan no expediente, no eido da convocatoria de axudas do Ministerio de Industria, comercio e turismo, para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercios non sedentario e canais cortos de comercialización no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O proxecto, por un importe de 2.498.650,00 euros, está cofinanciado nun 80% polo Ministerio (1.998.920 euros) e nun 20% polo Concello de Santiago (499.730 euros).

A achega municipal irá con cargo á actuación subvencionable das obras de reforma da Praza de Abastos, que nestes momentos está en fase de licitación. Existe crédito retido por importe de 518.710,53 euros, que constitúe a base de licitación. A operación contable é a número 220230015129 na aplicación orzamentaria 060 33600 6320001, e o proxecto de gasto é o 2 RLTOU 46 1.

A proposta de distribución da achega municipal será formulada no seu momento, á hora de formular a proposta de xeración de crédito correspondente.

O período de execución do proxecto será de 18 meses, con data límite do 30 de xuño de 2024.

